



Xornadas en liña

Galicia e a Segunda Guerra Mundial

13 e 14 de abril de 2021

A Segunda Guerra Mundial é un dos momentos centrais da historia da humanidade. Mesmo non faltan autores que lle confiren a condición de elemento de cesura. Viría a ser coma un parteluz da contemporaneidade polo que agroma unha nova era que se dá en chamar a historia do presente. Sobre as cinzas de ducias de millóns de mortes, sobre a dor contida de centos de millóns de vítimas, ergueuse un tempo novo. Na Europa occidental, ese tempo quixo ser levantado sobre sólidos piares que melloraran a vida das xentes. Queríase lexitimar os Estados arrimándolles adxectivos agarimosos. Estado do benestar para coidar da cidadanía desde o berce ata o nicho, en palabras de Lord Beveridge. Estado esteado polos dereitos humanos, agora recompilados en solemnes declaracións e mestas convencións.

Neste anaco europeo que habitamos os galegos, as cousas non correron dese xeito. Por mellor dicir, demoraron demáis. A Guerra Civil deixounos oficialmente fóra do conflito e das súas consecuencias inmediatas para a nosa veciñanza. Aquí andabamos por rutas imperiais camiñando cara a Deus. Nós coñecemos a vixencia deses estados do benestar e dos dereitos humanos ao emigrar a eles. Porén, Galicia non foi allea ao enfrontamento. Non lonxe das súas costas vivíronse combates da batalla do Atlántico cos U-boot xermanos como protagonistas cunha sorte mingunte ao mesmo ritmo que devecían as súas visitas ás rías de Vigo ou Ferrol. Ducias de galegos alistáronse, por fas ou nefas, para combater nas filas da División Azul. Outros tantos, voluntarios ou forzados, acabaron traballando nas fábricas de armamento e de intendencia varia, para alimentar a máquina de guerra do Reich. Mesmo non faltaron galegos que foran parar aos campos de concentración, de tan triste recordación.

Vai ser unha pedra negra, agochada nos montes do Deza, do Barbanza, de Bergantiños, do Xallas, de Valdeorras, de Lobios ou do Ribeiro, a que se converta na estrela invitada sen discusión. O volframio desatou unha febre. As xentes comúns, tanto homes como mulleres, encontraron nas minas un traballo moi ben pago e un xeito de tapar buracos e mesmo facer algúns cartos. Os axiotistas de toda caste e condición viron unha oportunidade inmellorable para enriquecerse con toda clase de comercio. Lícito ou non, tanto tiña. Os presos pola defensa dos valores republicanos, encadrados nos destacamentos penais, tiveron unha senda de redención ou de fuxida para seguir a loita. Foi un soño. Un tempo desmedido como as enchentes que se escoan polos regueiros e só deixan lama onde houbo fartura.

Galicia púxose nos mapas. Os seus portos podían dar refuxio. Os seus montes e os seus eidos sosteían antenas de comunicación estratéxicas e vitais. Requiriu o interese das chancelarías. Os Estados Miores mandaron espías a pescudar noticias, a guichar movementos, a vixiar pistas, a tecer redes de informantes, a sabotar equipamentos. Calquera cousa podía ter valor. Galicia tamén achegou correspondentes de guerra que trataron de informar sucando as procelosas augas da férrea censura do franquismo máis falanxista. Galicia tamén tivo o seu home en Londres, a través da egregia figura de don Salvador de Madariaga, un exiliado antifranquista, reputado intelectual a quen escoitaban os chamados a tomar decisións importantes.

A Xornada Galicia e a Segunda Guerra Mundial quere converter o espazo público do Consello da Cultura Galega nun foro de encontro e de debate no que oradoras e oradores eminentes, de aquí e de acolá, reflexionen sobre as pegadas sociais, políticas, económicas, literarias, cinematográficas, xeopolíticas e vivenciais que o conflito deixou nesta terra.

Imaxe da portada: Grupo de divisionarios galegos cun labrego ruso, fronte de Leningrado, verán de 1943. No centro, o sarxento estradense Lino Nogueira.

Programa

13 DE ABRIL

10:00 horas
Emisión gravada dos relatorios en
www.consellodacultura.gal

Presentación

PANEL 1: A GALICIA DO EIXE

- *Os traballadores forzados e voluntarios galegos na Alemaña nazi*
Antonio Muñoz Sánchez,
Universidade de Lisboa

- *A colonia alemá en Vigo nos anos da guerra*
Antonio Giráldez Lomba, Instituto de
Estudios Vigueses

- *Galicia e a División Azul*
Xosé M. Núñez Seixas, Universidade
de Santiago de Compostela /
Consello da Cultura Galega

PANEL II: ECONOMÍA E PROPAGANDA

- *A Igrexa católica e as redes norteamericanas en Galicia*
José R. Rodríguez Lago, Universidade
de Vigo

- *O volframio: de cando Galicia foi un nearWest*
Joan-Maria Thomàs, Universitat
Rovira i Virgili

- Proxección do documental *La batalla desconocida*, de **Paula Cons**

18.00 horas
Emisión do debate en directo en
www.consellodacultura.gal
- Antonio Muñoz Sánchez
- Antonio Giráldez Lomba
- Xosé M. Núñez Seixas
- José R. Rodríguez Lago
- Joan-Maria Thomàs

14 DE ABRIL

10:00 horas
Emisión gravada dos relatorios en
www.consellodacultura.gal

PANEL III: GALICIA E OS ALIADOS

- *Salvador de Madariaga e a Unión Cultural dos países da Europa Occidental*
Luis Domínguez, Universidade de
Vigo

- *Augusto Assía, correspondente de guerra*
Ramón Villares, Universidade de
Santiago de Compostela

- *Os espías británicos e o seu traballo en Galicia*
Emilio Grandío Seoane, Universidade
de Santiago de Compostela

- *A pegada da Segunda Guerra Mundial na literatura galega*
Dolores Vilavedra, Universidade de
Santiago de Compostela / Consello
da Cultura Galega

18.00 horas
Emisión do debate en directo en
www.consellodacultura.gal

- Luis Domínguez
- Ramón Villares
- Emilio Grandío Seoane
- Dolores Vilavedra

Organiza

Arquivo da Emigración Galega (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Luís Domínguez Castro

Participa

A actividade non será presencial. Será retransmitida a través do noso web e da nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerá na Mediateca para consultas futuras.

- O 13 e 14 de abril, ás 10:00 horas, subiranse a emisión gravada dos relatorios.

- O 13 e 14 de abril, ás 18:00 horas, terán lugar os debates en directo.

Non é necesaria inscrición previa.

Se queres participar podes enviar previamente as túas preguntas ou facelo en directo durante os debates no correo participa@consellodacultura.gal

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

